

Todas as festas son boas para interrompirlas o paso do tempo e facer que sexamos celebrantes, e así o noso corpo sae de si mesmo e conflúe saltando o muro do individual e faise palabra, xesto colectivo. É cando povoamos os días de conversacións alegres e agasallamos a todos os froitos da terra e do mar.

É tempo de dialogar colectivamente coa natureza e cos amigos e cos parentes e o silencio anual grita e canta e a alegría individual faise alegría colectiva.

A festa é participación activa, participación dos asistentes á representación onde todos somos actores e todos somos espectadores da mesma celebración.

Así as nosas festas son o lugar e o tempo onde máis fidelmente expresamos a nosa realidade cultural que día a día interpreta a nosa realidade social.

Por ser fillos dunha terra e dun tempo é polo que celebramos as festas como un feito cultural máis. E así facemos que o noso idioma sexa o da natureza que nos rodea e con el expresamos os nosos mitos, as nosas lendas e as nosas festas e os seus rituais.

A conexión dos que viviron antes que a nós coa súa realidade, fixo posíbel que deles recibamos as lendas e os contos que nós transmitiremos aos que veñan detrás de nós, e así nós tamén transmitiremos festas como as dos maios, o antroido, o San Xoán, os magostos e todo o que constitui a nosa memoria colectiva e fai posíbel que seipamos quen somos e de onde vimos, única maneira de saber elixir aonde queremos ir.

Na festa que hoxe iniciamos é pois o tempo en que recibemos a quen nos visita e facemos da nosa casa a súa casa, e despois dun ano de traballo sentámonos á mesa cos nosos familiares e amigos e pasamos de man en man o pan e os soños, e compartimos o futuro.

Nesta Santa Cruz de Liáns, terra mariñán según o historiador, foi habitada polos Nemdos e que según tamén din pertenceu ao maiorazgo fundado no século XV por María das Mariñas -fermoso nome para unha filla- e foi da xurisdición sobre a que exerceron señorío os condes de Lemos. Como vedes todas e cada unha das nosas vilas e parroquias ten fértil historia e longo camiño percorrido.

Liáns á beira deste mar do que collemos peixes, palabras prateadas.

Mar que navega os nosos corpos e que de cando en vez se pon de cabelos brancos e non podemos navegar nós o seu.

Mar que decora os seus labios de sal e fai que nazcamos día a día das imaxes que reflicta dos nosos corpos.

Mar á beira do que sentimos amamos sufrimos, porque vivimos neste mes de Agosto no que, como unha mao aberta voa a gueivota.

Hoxe 18 de agosto, co meu abrazo fraternal e solidario para vós e os vosos, deséxovos unhas festas cheas de felicidade, que a alegría e o gozo destes días teña continuidade todo o ano e que ano máis sigamos infatigábeis na construción deste soño soñado por moitas xeracións que se chama Galicia.

Felices festas a todos.